



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral

de Desenvolvemento Pesqueiro



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO  
Y DE PESCA (FEMP)

# XORNADA DIFUSION

**PROXECTO:** PROTECCION E RECUPERACION DA BIODIVERSIDADE MARIÑA  
DA CONFRARIA DE PESCADORES DE ARCADE  
(PE209C – 2020F – 050)

**ENTIDADE BENEFICIARIA:** Confraría de Pescadores Virxe do Carne de Arcade

**IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA:** 47.942,20 euros  
(24.179,85 anualidade 2020, 23.762,35 anualidade 2021)

**PROGRAMA OPERATIVO FEMP 2014 2020**  
**PROXECTO COFINANCIADO POLO FEMP NUN 75%**


Arcade 18 xuño 2021  
Eduardo Pérez Corbacho



## ANEXO D. XUSTIFICACIÓN TÉCNICA – AVALIACIÓN ANUAL/FINAL

O Plan de Avaliación ao que están obrigadas as entidades beneficiarias de financiamento inclúe a presentación dun informe anual final (avaliación anual para a primeira anualidade e avaliación final ao remate do proxecto)

### DATOS DA/S ENTIDADE/S SOLICITANTE/S


<b>ENTIDADE/ENTIDADES SOLICITANTES</b>	
<b>CONFRARIA PESCADORES VIRXE DO CARMEN DE ARCADE</b>	
<b>EXPEDIENTE</b>	
<b>PE209C 2020F/050</b>	
<b>NOME DO PROXECTO</b>	
<b>PROTECCION E RECUPERACION DA BIODIVERSIDADE MARIÑA DA CONFRARIA DE PESCADORES DE ARCADE</b>	
<b>RESPONSABLE LEGAL</b>	
<b>GONZALO REINOSO CASTELLANO</b>	<b>77.001.353 K</b>
<b>PATRON MAIOR</b>	
<b>DATA DE INICIO E FINALIZACIÓN DO PROXECTO</b>	<b>01/07/2020</b>
<b>PERIODO ANUAL CUBERTO POLO INFORME</b>	<b>01/07/2020-30/06/2021</b>
<b>DATA DE PRESENTACIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN</b>	<b>29/07/2021</b>

## DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS.


### **-GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DO PROXECTO.**

O proxecto, que se pode consultar na ftp xunto co resto da documentación á que se fai referencia neste documento, tiña coma obxectivos principais a xestión responsable e sostible dos recursos e hábitats costeiros e o fomento da sensibilización ambiental; e coma obxectivos específicos o asesoramento técnico á xestión, a vixilancia e control de acceso aos recursos, e o control das capturas.

Acordo á documentación presentada nas xustificacións trimestrais, e á relación das actividades executadas e os resultados que se presentan a continuación, o obxectivo xeral de fomento de sensibilización ambiental e o específico de asesoramento técnico á xestión foron acadados ao 100%, grazas ás xornadas informativas impartidas pola Asistencia Técnica e á documentación recompilada que transmite nas mesmas. Os obxectivos específicos de vixilancia e control de acceso aos recursos e control das capturas tamén se cumpriron ao 100%, como se pode comprobar coa documentación xustificativa presentada nos trimestres (cuadrantes de vixilancia, informes de actividades...). Nembargante, respecto ao obxectivo principal de xestión responsable e sostible, aínda queda camiño por recorrer, xa que en ocasións a tan loada e desexable coxestión consiste simplemente en que o sector realiza demandas, incluso totalmente opostas ás que recomendaría a información técnica existente e a súa disposición, e a Administración ten que concedelo. En relación a isto quero subliñar que dificulta enormemente o traballo das Asistencias Técnicas das Confrarías, que ven continuamente minusvalorado o seu esforzo, xa que incluso aquelas persoas que comprendendo a importancia e necesidade do traballo técnico colaboran co mesmo, rematan abandonando ao comprobar que en xeral non se emprega na toma de decisións.



Imaxe 1. Zona prioritaria de actuación das actividades realizadas ao abeiro do proxecto, na Enseada de San Simón, Ría de Vigo (delimitada polas coordenadas UTM: 5302010 4688412, 531735 4687850, 531550 4685543, 528969 4685155).



#### **-ACTIVIDADES EXECUTADAS.**

##### **- Xestión e seguimento dos recursos mariños vivos nas zonas de produción.**

##### **- Elaboración e seguimento dos plans de coxestión de recursos mariños vivos.**

En setembro de 2020 elaboráronse os plans para o período 2021-2023 nos que traballan os socios desta entidade.

No primeiro semestre de vixencia do proxecto (2º semestre 2020) se realizaron labores de seguimento sobre os plans de coxestión que estaban vixentes naqueles intres; e no primeiro semestre de 2021 as de seguimento sobre os plans vixentes na actualidade. No epígrafe de resultados, actividade A.2.4.1.1. detállanse os plans aos que se fai referencia.

##### **- Avaliación do estado de conservación e da biodiversidade nos paraxes de Natura 2000, nas zonas mariñas protexidas e nos hábitats costeiros de especial interese para a cría de organismos mariños.**

Durante a vixencia do proxecto recompilouse a información relativa ao estado de conservación da biodiversidade a nivel de especies, hábitats e ecosistemas que se detalla na actividade A.2.4.1.2.

##### **- Optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños.**

Aportáronse á Administración, na medida do posible cunha periodicidade mensual, os arquivos AT2 de seguimento de cada un dos plans nos que participan socios desta entidade, que reúnen información necesaria para realizar unha xestión correcta dos recursos.

##### **- Cartografado dos hábitats e das especies, especialmente das exóticas invasoras.**

Recompiláronse datos sobre a presenza, abundancia e caracterización destas especies. Na actividade A.2.4.1.4. indícanse os anexos nos que se atopa esta información.

##### **- Seguimento dos hábitats e das especies.**

A meirande parte da información relativa aos hábitats e especies deriva dos datos obtidos nas mostraxes realizadas nos bancos marisqueiros, e/ou na lonxa atendendo á proporción de individuos de talla legal na poboación. Durante a vixencia do proxecto se realizaron as mostraxes que se indican na actividade A.2.4.1.5.

##### **- Cartografado da actividade extractiva realizada polos socios da entidade.**

O rexistro dos datos de captura diarios inclúe o banco de procedencia das mesmas, o que permite realizar o cartografado da actividade extractiva (ver actividade A.2.4.1.6.).

##### **- Seguimento de indicadores de abundancia, da composición específica das capturas e da súa estrutura de tallas.**

A información relativa a este apartado atopase tanto nos arquivos AT2 (que permiten unha estimación indirecta do estado dos bancos mediante a CPUE), coma nos resultados obtidos tralo tratamento dos datos das mostraxes mediante a ferramenta Arousa de avaliación de stocks, que aportan información relativa ás densidades, biomasas, stocks comerciais e distribución de tamaños das poboacións. Así mesmo, como antes da venta as capturas se clasifican por tallas, realizase un seguimento da evolución da estrutura de tallas comercializadas (actividade A.4.4.1.7.).

- Contribución á vixilancia epidemiolóxica: envío de mostras ao Intecmar para coñecer o estado sanitario das augas e das especies marisqueiras.

Durante o período de vixencia do proxecto enviáronse as mostras solicitadas por este organismo.

**- Formación profesional e formación permanente do persoal e asociados da entidade.**


A Asistencia técnica imparte anualmente, ás directivas e socios da entidade, ao menos un par de charlas informativas relativas ao seguimento da explotación, proxectos, DMEM.... Así mesmo, cada vez que a análise dos datos aporta un feito relevante que implicaría realizar cambios na xestión da explotación, presenta estas conclusións ás directivas procurando que se realice unha explotación sustentable dende un punto de vista ambiental e que exista un equilibrio entre a capacidade de pesca e as posibilidades de pesca dispoñible.

Ao longo da vixencia do proxecto, e a pesares das limitacións debidas á pandemia, realizáronse xornadas de formación para a elaboración dos Plans de coxestión (nos días 11 e 21 de setembro de 2020), para informar acerca da situación dos bancos intermareais tralas riadas do inverno de 2021 (marzo 2021), e para amosar a situación do banco do Cabalo antes da apertura á directiva de marisqueo a flote (abril 2021). Ademais o 18 de xuño de 2021 tivo lugar a xornada divulgativa dos resultados do proxecto. A información relativa a esta xornada así como o listado de asistentes xuntase nos anexos.


Aínda que tendo en conta as charlas realizadas e a información transmitida nas mesmas os resultados esperados desta actividade poderían considerarse logrados ao 100%; compre citar que o número de xornadas non constitúe por se mesmo un feito relevante, pois en realidade os socios que asisten ás mesmas soen ser sempre os mesmos, existindo un número elevado que non participa. Entendo, como indiquei ao comezo ao falar sobre o grado de consecución dos obxectivos, que isto se debe a que non consideran necesaria esa información.



Imaxe 2. Xornada formativa realizada aos mariscadores a pé no Auditorio de Arcade.



Imaxes 3 e 4. Xornada formativa realizada á directiva a flote (arriba) e Xornada de divulgación dos resultados do proxecto no local da Federación de Confrarías de Pescadores de Pontevedra (abaixo).



- **Conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños.**
- Actividades relacionadas coas labores que desempeñan os servizos de vixilancia das entidades.

Durante a vixencia do proxecto contouse con 3 vixiantes encargados de realizar as labores de conservación, protección e sustentabilidade. As tarefas incluídas nesta actividade foron a loita contra o furtivismo, o control de acceso ao recurso, e o control das capturas realizadas. Nos informes de xustificación trimestral se poden consultar as actividades realizadas polos gardapescas.

Ao remate deste documento xuntase un cronograma no que se indica o período temporal no que se levaron a cabo as actuacións descritas neste apartado.



## - RESULTADOS

### Actividade A 2.4.1.1 Elaboración e seguimento dos plans de coexistión de recursos mariños vivos.

#### T1. Elaboración dos plans.

- PE403A 2020/30-5 Plan específico de moluscos bivalvos na modalidade de marisqueo a pé da Confraría de Pescadores de Arcade
- PE403A 2020/36-5 Plan específico conxunto de mariscos bivalvos coa confraría de Vilaboa
- PE403A 2020/25-5 Plan específico de explotación de moluscos bivalvos da Asociación de Marisqueo a flote da ría de Vigo e as Confrarías de Arcade e Baiona.

No plan de traballo o resultado esperado desta tarefa era presentar tres plans de coexistión. RE1: 100%.

#### T2. Seguimento dos plans.

As tarefas de seguimento dos plans consisten na realización de accións que permiten recompilar datos diarios de extracción, esforzo, clases de talla das capturas..., así como na realización de mostraxes que aportan información acerca da evolución das densidades dos stocks, das biomásas.... Compre citar que estas tarefas de seguimento se poden englobar en case todas as actividades que se presentan neste apartado de resultados.

#### Segundo semestre 2020

- PE403A 2018/27-5 Plan específico de moluscos bivalvos na modalidade de marisqueo a pé da Confraría de Pescadores de Arcade
- PE403A 2018/28-5 Plan específico conxunto das Confrarías de Arcade e Vilaboa na modalidade de marisqueo a pé
- PE403A 2018/29-5 Plan específico de explotación de moluscos bivalvos da Asociación de Marisqueo a flote da ría de Vigo e as Confrarías de Arcade e Baiona

#### Primeiro semestre 2021

- PE403A 2020/30-5 Plan específico de moluscos bivalvos na modalidade de marisqueo a pé da Confraría de Pescadores de Arcade
- PE403A 2020/36-5 Plan específico conxunto de mariscos bivalvos coa confraría de Vilaboa
- PE403A 2020/25-5 Plan específico de explotación de moluscos bivalvos da Asociación de Marisqueo a flote da ría de Vigo e as Confrarías de Arcade e Baiona.

O proxecto incluía realizar o seguimento sobre os 3 plans de coexistión vixentes. RE2: 100%.

### Actividade A 2.4.1.2 Avaliación do estado de conservación e da biodiversidade.

A partir dos datos das mostraxes poboacionais, que se enumeran na actividade A.2.4.1.5, e tralo procesado dos mesmos coa ferramenta Arousa de avaliación stocks, obtense a información relativa ao estado de conservación e da biodiversidade a distintos niveis, que se arquiva nos anexos que se detallan:



T1. A nivel especie.

D1110000 Distribución de especies, determinando a zona cuberta polas principais especies de bivalvos comerciais,

D1120000 Tamaño das poboacións, avaliando á abundancia e/ou biomasa,

D1130000 Estado das poboacións, mediante a estrutura de tallas,

No proxecto se indicaba que esta actuación se realizaría sobre un total de 12 bancos. Na imaxe 5 aparecen as estacións de mostraxe realizadas sobre os mesmos. Como se realizaron mostraxes sobre eses bancos e se cumprimentaron os anexos anteriores, que se soben á ftp ao remate de cada ano, podemos considerar conseguidos os resultados desta actividade. RE1:100%, RE2:100% e RE3: 100%.



Imaxe 5. Estacións de mostraxe, con información relativa á distribución, tamaño e estado das poboacións.

T2. A nivel hábitat.

Continuouse coa revisión da cartografía dos bancos que se atopan no Sigremar, e coa identificación de estratos dentro dos mesmos; recompilouse información relativa á descrición dos substratos, que se inclúe no anexo D1231100a; e sobre a temperatura e salinidade da zona. RE1: 100%, RE2: 100% e RE4: 100%.

En canto ás batimetrías, citar que non se tomaron rexistros relativos ao nivel mareal debido a que nas principais mareas de febreiro e marzo se tiveron que realizar mostraxes de carácter extraordinario dadas as mortalidades masivas que tiveran lugar nos bancos; e en canto ás granulometrías non se realizaron porque aínda quedaban por procesar algunhas mostras recollidas anteriormente á vixencia do proxecto. RE3:0%, RE5:0%.




Figura 1. Datos diarios das temperaturas da auga na zona intermareal de Arcade.

### T3. A nivel ecosistema.

En relación a esta tarefa citar que nas mostraxes poboacionais realizadas se recompilan datos que permiten cumprimentar os anexos de información ambiental relativos á presenza de especies conspicuas ou descritoras da comunidade, depredadoras e competidoras (D1311100 e D1312000), así como para o anexo de cuantificación de lixo mariño (D1011000). Cumprimentando eses anexos se poden considerar cumpridos os resultados esperados desta tarefa. R1:100% e R2:100%.

### Actividade A.2.4.1.3 Optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños.

#### T1. Recompilación datos extracción.

Os modelos AT2, que se atopan na ftp e se actualizan cunha periodicidade mensual, recollen datos diarios das especies capturadas, a procedencia das mesmas, o número de mariscadores e/ou embarcacións que traballan diariamente, os prezos medios e o importe acadado trala venta. RE1: 100%.

#### T2. Procesado e análise de datos.

Nos arquivos AT2, ademais dos datos diarios brutos, existen pestanas cos datos agrupados por mes, ano, especie ou banco; e por tanto información relativa ás capturas por especie e banco (figura 2), e sobre o esforzo acumulado (figura 3). RE1: 100% e RE2:100%.






Figura 2. Evolución das capturas acumuladas de ameixa xaponesa no banco intermareal de Río Alvedosas ao longo dos meses dos anos do quinquenio 2016-2020.




Figura 3. Evolución do esforzo acumulado á captura de ameixa xaponesa no banco intermareal de Río Alvedosas ao longo dos meses dos anos do quinquenio 2016-2020.



### T3. Medidas de optimización da produción.


Durante a vixencia do proxecto realizáronse actividades de seguimento dos proxectos:

**PE209B 2018/01** Recuperación da poboación de *Cerastoderma edule* no intermareal de Arcade. Realizouse o seguimento habitual sobre o recrutamento da poboación desta especie mediante as mostraxes semestrais (neste caso a de outono de 2020), e mediante o seguimento de xuvenís estabulados en caixas, ao menos ata o mes de febreiro na que morreron debido ás baixadas de salinidade na zona. Como parte deste proxecto se realiza tamén o seguimento de variables ambientais como a temperatura e salinidade.



Imaxes 6 e 7. Caixas con sensores e exemplares estabulados recen mortos tralas riadas de febreiro de 2021.

**PE209B 2019/009** Recuperación de ostra plana na Ensenada de San Simón. Na medida do posible, cando se contaba con medios de acceso á zona, realizáronse limpeza nos cestos así coma mostraxes sobre os adultos estabulados nos mesmos (imaxes 7 e 8). En primavera do 2021 colocáronse colectores para tratar de detectar fixacións, como as que se apreciaban nos propios cestos (imaxes 9 e 10).





**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DO MAR**


galicia



Unión Europea  
Fondo Europeo  
Marítimo e de Pesca  
(FEMP)



Xacobeo 21-22





#### **Actividade A.2.4.1.4 Cartografado dos hábitats e das especies, especialmente invasoras.**

##### **T1. Localización e cartografado especies alóctonas.**

No momento de realización das mostraxes, en cada unha das estacións de toma de mostraxas, se presta atención á presenza e rexistro de especies alóctonas. Cos datos obtidos se cobren os anexos medioambientais relativos a este apartado: D2110000 Especies alóctonas e D2210000 Cuantificación presenza especies alóctonas. RE1: 100% e RE2: 100%.

#### **Actividade A.2.4.1.5 Seguimento dos hábitats e das especies.**

##### **T1. Realización mostraxes poboacionais.**

O proxecto contemplaba a realización de mostraxes semestrais nos bancos intermareais e, ao menos ao comezo e remate da época de extracción nos sublitorais de Cabalo, ANC e ANPRM. Aínda que, debido á falta de embarcación que trasladase ao técnico aos bancos, non se realizaron as mostraxes correspondentes á primavera de 2021, sí se realizou o número de mostraxes previstos, xa que no mes de febreiro se realizaron mostraxes extraordinarios para avaliar os efectos das riadas nas poboacións de bivalvos comerciais.

Ao longo da vixencia do proxecto realizáronse as seguintes mostraxes nos bancos intermareais do ámbito da Confraría:

- Area Nova (VI-169): 19/11/2020 e 15/02/2021
- Estralo (VI-170): 17/09/2020 e 15/02/2021
- Conejera (VI-171): 18/08/2020 e 15/02/2021
- Puntal (VI-168): 4/09/2020, 18/09/2020 e 15/02/2021
- Río Medio (VI-186): 1/09/2020 e 15/02/2021
- Río Alvedosas (VI-172): 17/09/2020 e 15/02/2021
- Río Paredes (VI- 001): 20/08/2020

Ademais, xunto coa Asistencia Técnica da Confraría de Pescadores de Vilaboa, realizáronse as mostraxes semestrais nos bancos de:

- Cunchido (VI-004): 19/08/2020 e 15/03/2021
- Larache (VI-005): 19/08/2020 e 15/03/2021

Asómesmo participouse en mostraxes nos principais bancos sublitorais da Enseada de San Simón nos que participan socios desta entidade, así como no de Baiona:

- Cabalo (VI-003): 26/08/2020, 27/11/2020, 16/04/2021 e 30/04/2021
- Area Nova Cabalo (VI-559): 17/07/2020, 27/11/2020
- Cabaliño: 21/08/2020,
- Area Nova Cabalo zona rexenerada: 13/11/2020
- Pedra de Oliveira (VI- ): 4/12/2020
- Baiona (VI-): 25/03/2021,

Os resultados do tratamento dos datos das mostraxes mediante a ferramenta Arousa, proporcionan a información á que se fai referencia nos resultados desta tarefa. RE1: 100%, RE2: 100%, RE3: 100%.





## T2. Controis tallas das capturas.

Os arquivos AT2 de cada plan recollen datos dos controis na lonxa das tallas das capturas das diferentes especies e bancos. Durante a vixencia do proxecto realizáronse mais de 60 controis deste tipo.

**Táboa I.** Bancos de procedencia, especies sobre as que se realizaron e datas dos controis de tallas.

Banco	Código	Modalidade	Especies	Nº controis	Datas
Area Nova Cabalo	VI-559	Flote	Babosa	1	06/08/2020
Area Nova Cabalo	VI-559	Flote	Fina	4	04/08/2020, 14/09/2020, 15/06/2021, 29/06/2021
Area Nova Cabalo	VI-559	Flote	Xaponesa	4	30/8/2020, 14/09/2020, 14/06/2021, 29/06/2021
Area Nova Cabalo	VI-559	Flote	Berberecho	1	17/06/2021
Area Nova Cabalo rex	VI-559	Flote	Fina	1	30/11/2020
Area Nova Cabalo rex	VI-559	Flote	Xaponesa	3	16/11/2020, 30/11/2020, 16/12/2020
Baiona	VI-128	Flote	Babosa	2	18/01/2021, 24/02/2021
Baiona	VI-128	Flote	Cornicha	3	24/02/2021, 24/03/2021, 30/06/2021
Cabaliño	VI-592	Flote	Fina	1	03/10/2020
Cabaliño	VI-592	Flote	Xaponesa	2	7/10/2020, 3/11/2020
Cabalo	VI-003	Flote	Fina	4	06/07/2020, 11/08/2020, 25/08/2020, 21/09/2020
Cabalo	VI-003	Flote	Xaponesa	4	6/07/2020, 20/07/2020, 25/08/2020, 21/09/2020
Cabo de Mar inv	VI-060	Flote	Rubia	4	7/10/2020, 4/11/2020, 16/11/2020, 30/11/2020
Canido	VI-056	Flote	Babosa	2	7/10/2020, 4/11/2020
Guia	VI-009	Flote	Babosa	1	14/12/2020
Río Emilia-Pontes	VI-151	Flote	Xaponesa	1	27/01/2021
Rodeira	VI-045	Flote	Babosa	2	16/11/2020, 7/12/2020
Tiran	VI-048 VI-049	Flote	Babosa	1	18/12/2020
Area Nova	VI-169	Intermareal	Xaponesa	3	7/07/2020, 18/08/2020, 21/12/2020
Conejera	VI-171	Intermareal	Xaponesa	6	3/08/2020, 1/09/2020, 1/10/2020, 4/11/2020, 30/11/2020, 8/12/2020
Cunchido	VI-005	Intermareal	Fina	1	14/12/2020
Cunchido	VI-004	Intermareal	Xaponesa	3	4/08/2020, 16/11/2020, 14/12/2020
Estralo	VI-170	Intermareal	Xaponesa	1	12/11/2020
Puntal	VI-168	Intermareal	Xaponesa	1	30/09/2020
Río Alvedosas	VI-172	Intermareal	Xaponesa	2	20/07/2020, 3/11/2020
Río do Medio	VI-186	Intermareal	Xaponesa	1	15/09/2020
Río Paredes	VI-001	Intermareal	Fina	1	20/08/2020
Río Paredes	VI-001	Intermareal	Xaponesa	1	20/08/2020
<b>TOTAL CONTROIS</b>				<b>61</b>	

Como exemplo da información extraída grazas a realización das tarefas desta actividade, a figura 4 amosa a evolución das tallas medias e da porcentaxe de exemplares de talla ilegal obtidos nos controis de talla realizados na lonxa sobre ameixa xaponesa extraída do banco do Estralo. RE1: 100%.

Dado que a confraría conta cunha máquina clasificadora, se recompilan ademais datos das clases de talla (pequena, mediante, grande, extra) extraída diariamente. A figura 5 amosa a evolución das porcentaxes de cada clase de talla da ameixa extraída no banco intermareal de Area Nova. Os datos anteriores proporcionan información acerca do estado das estruturas das poboacións nos bancos e cos mesmos se cumprimenta o anexo D3130000 Tamaño dos exemplares capturados. RE2: 100%.

### Xaponesa Area Nova




Figura 4. Evolución das tallas medias e da porcentaxe de ilegais da ameixa xaponesa extraída do banco de Area Nova obtidas nas mostraxes de tallas en lonxa.




Figura 5. Evolución, en porcentaxe, das clases de tallas vendidas diariamente de ameixa xaponesa procedente do banco de Area Nova.

#### Actividade A.2.4.1.6 Cartografado actividade extractiva realizada polos socios.

T1. Control procedencia das capturas.

Os arquivos AT2 recollen a procedencia diaria das capturas o que permite analizar a evolución e a importancia de cada banco no global das capturas. Como exemplo da información recompilada a figura 6 amosa a evolución das capturas de ameixa xaponesa por banco no intermareal de Arcade. RE1: 100%.




Figura 6. Evolución das capturas (quilogramos) de ameixa xaponesa de cada banco no quinquenio 2016-2020.

#### Actividade A.2.4.1.7 Seguimento de indicadores de abundancia, da composición específica das capturas e da súa estrutura de tallas.

##### T1. Cálculo das CPUE.

Os datos recompilados no arquivo AT2 permiten calcular como estimación indirecta do estado dos bancos a CPUE diaria que se recolle nunha columna do mesmo. No caso de marisqueo a pé contase incluso con datos da CPUE por hora para cada banco cos que se cubre o anexo D3140000. RE1: 100%.




Figura 7. Evolución da CPUE/mariscador/hora de ameixa xaponesa capturada no banco de Río Alvedosas.

##### T2. Determinación do nivel presión actividade extractiva.

O arquivo AT2 recolle datos relativos ao esforzo pesqueiro tales como número diario de embarcacións, e mariscadores. Ademais os anexos D3220000 Índices de biomasa e D3320000 Lonxitude máxima recompilan a información relativa ao nivel de presión da actividade extractiva. RE1: 100%.



### EVOLUCIÓN DO ESFORZO ACUMULADO NA XAPONESA




Figura 8. Evolución do esforzo acumulado (nº mariscadores) na captura de ameixa xaponesa ao longo dos meses durante os anos do quinquenio 2016-2020

#### T3. Calculo de indicadores para estimación capacidade reprodutiva.

Cos datos obtidos nas mostraxes, tralo tratamento mediante a ferramenta Arousa de avaliación de stocks, obtense datos relativos ao stock de reprodutores: D3210000 Biomasa de reprodutores, D3230000 Porcentaxe de individuos de talla comercial en primavera, D3310000 Porcentaxe de individuos de talla superior ao tamaño medio de primeira maduración. RE1:100%.

#### Actividade A.2.4.1.8 Contribución á vixilancia epidemiolóxica.

##### T1. Envío mostrax ao Intecmar.

Durante a vixencia do proxecto enviáronse as 17 mostrax solicitadas dende o Intecmar. Como se indicaba na memoria do mesmo este número é variable, e roldaría os 20. RE1: 100%.

Táboa II. Mostrax enviadas ao Intecmar.

Datas	Especie	Departamento	Zona
1/07/2020, 3/08/2020, 29/09/2020, 27/10/2020, 17/11/2020, 16/12/2020, 28/12/2020, 11/01/2021, 1/02/2021, 16/03/2021, 12/04/2021, 11/05/2021	Mexillón	Microbioloxía	Pedra Taboeira
14/09/2020, 15/02/2021, 1/03/2021, 22/06/2021	Mexillón	Organoclorados	Pedra Taboeira
16/03/2021	Mexillón	Hidrocarburos	Pedra Taboeira

#### - SOSTIBILIDADE DO PROXECTO

Como se pode comprobar ao longo do texto deste anexo de Avaliación Final do proxecto, o mesmo inclúe actividades de distinta natureza que se centran na xestión e seguimento dos recursos mariños vivos, na formación dos socios, e na conservación e protección da explotación. Como técnico que asina esta memoria, coñecedor das necesidades recollidas na Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello (DMEM), e de que para acadar unha explotación responsable e sustentable é imprescindible o seguimento de variables biolóxicas e de saúde dos stocks, entendo que o acceso á explotación de recursos mariños, bivalvos neste caso, debería levar implícita a obrigatoriedade da realización deste tipo de actividades, así como a implicación do sector nas mesmas.

Aínda que na teoría xa é así, e se lograron avances, de tal xeito que na actualidade os plans de xestión contemplan obxectivos biolóxicos, ecolóxicos, económicos e sociais, con niveis de referencia, e estratexias de actuación; a realidade, a pesar da formación impartida polos técnicos das Confrarías, é que gran parte dos mariscadores seguen sen entender a participación nas actividades de protección e biodiversidade como actividade inherente á coxestión. Sen comprender que a actividade extractiva se debe en parte a proxectos como este que favorecen a recompilación de datos que lles deberían axudar a mellora da xestión responsable e sustentable. Coñecendo a idiosincrasia do sector, e que en realidade a súa experiencia diaria lles indica que non existen consecuencias de non facelo, considero que as actividades do proxecto non se realizarían de non ser financiadas.

#### - IMPACTO DO PROXECTO

O proxecto afecta a totalidade dos plans de coxestión nos que participan socios desta confraría, o que supón que ten incidencia sobre a actividade realizada por mais de 220 socios. No caso particular do marisqueo a pé, o impacto neste ano foi moi elevado, tanto a nivel produtivo como económico e social, xa que a información recompilada facilitou a adaptación do plan tralas mortalidades masivas do mes de febreiro.

### DATOS COMPLEMENTARIOS.

#### Indicadores de resultado acadados.

(De non indicarse ningún valor, considerase que o valor acadado é cero)

PRIORIDADE 1.- Promover pesqueiras sostibles dende o punto de vista do medio ambiente, eficientes no uso dos recursos, innovadoras, competitivas e baseadas no coñecemento		
OE1.b) .- Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos		
INDICADOR DE RESULTADO	VALOR ACADADO	UNIDADE DE MEDIDA
Variación da cobertura de zonas "Natura 2000"	0	Km <sup>2</sup>
Pescadores afectados	232	Número

En Arcade a 4/08/2021 Asdo.: Eduardo Pérez Corbacho



